

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio de bingos de Galicia, relativo á revisión salarial para os anos 2008 e 2009.*

Visto o acordo polo que se aproba a revisión salarial para os anos 2008 e 2009, que subscribiu a comisión paritaria do convenio de bingos de Galicia, na xuntanza que hai o 18 de maio de 2011, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo,

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colec-tivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2011.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

En Santiago de Compostela, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sen-do as once e trinta horas do mércores dezaoito de maio de dous mil once, reúnense pola parte empresarial a *Asociación de Empresarios de Bingos de Galicia* (Abiga), e por outra o sindicato UGT, para a revisión dos puntos económicos do convenio de bingos de Galicia do anos dous mil oito e dous mil nove.

Por parte de Abiga:  
José Antonio Iglesias Díaz.  
Lorenzo Sanmartín Alonso.  
José Freire Amador (asesor).

Por parte de UGT:  
José Antonio Boullosa Gómez.  
Manuel Guisande Fernández.  
Sergio Urdampilleta Gómez.  
José Luís López Pájaro.  
José Luís Rodríguez Vázquez.  
Celestino Criado Currás.

Acórdase a revisión dos puntos económicos do convenio de bingos de Galicia dos anos dous mil oito e dous mil nove, segundo Sentenza do Tribunal Supremo (achégase copia das táboas correspondentes).

As anteditas representacións delegan no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais, a realización dos trámites precisos e necesarios diante da autoridade laboral, para proceder ao rexistro e depósito destas táboas salariais, de conformidade coa normativa legal vixente de aplicación.

Sendo as doce e quince horas finalízase a xuntanza, asinándose esta acta por triplicado exemplar, en proba de conformidade.

#### Artigo 42. Salario base.

O salario base queda fixado, en función da categoría administrativa da sala e por categorías profesionais nas seguintes cantidades:

	Ano 2008			Ano 2009		
	Categ. A	Categ. B	Categ. C	Categ. A	Categ. B	Categ. C
Sala esp.	1.214,68	1.108,20	1.001,73	1.263,27	1.152,53	1.041,80
Sala 1	1.108,20	1.033,68	948,52	1.152,53	1.075,03	986,46
Sala 2	1.001,63	948,52	895,27	1.041,80	986,46	931,08
Sala 3	921,89	895,27	874,00	958,77	931,08	908,96

#### Artigo 45. Complemento de prolongación de xornada.

Co fin de compensar economicamente a aqueles traballadores/as que por necesidades reais das salas teñan que realizar traballo fóra de horas normais, tales como peche de

caixa, recollida da sala, revisión de cartóns, etc. as empresas aboarán un complemento de prolongación de xornada mensual, durante 11 meses ao ano, dos seguintes importes:

	Ano 2008	Ano 2009
Categoría A	32,78	34,09
Categoría B	31,28	32,53
Categoría C	27,94	29,06

*Artigo 48. Complemento de quebranto de moeda.*

As empresas aboarán a xefes/as de mesa, caixeiros/as e locutores/as-vendedores/as, e a aqueloutros traballadores/as que realicen operacións con cartos (cobramientos, pagamentos, cambios, etc.), un complemento de quebranto de moeda mensual durante 11 meses ao ano, co importe seguinte:

	Ano 2008	Ano 2009
Complemento de quebranto de moeda	42,43	44,13

*Artigo 49. Complemento de transporte.*

Como compensación de gastos de desprazamento e medios de transporte dentro da localidade, así como desde o domicilio ao centro de traballo e regreso, establecérese un complemento de distancia e transporte nas seguintes contías; durante 12 meses ao ano e para todas as categorías:

	Ano 2008	Ano 2009
Complemento de transporte	67,89	70,61

*Artigo 50. Complemento de vestiario.*

As empresas aboarán aos/ás traballadores/as un complemento de vestiario na cantidade de 12,00 € mensuais durante doce mensualidades, a dita obriga entrará en vigor a partir do 1.1.2008.

	Ano 2008	Ano 2009
Complemento de vestiario	12,00	12,48

*Artigo 51. Horas extraordinarias.*

Ante a situación de desemprego existente e co obxecto de favorecer a creación de novos postos de traballo as partes acordan regular as horas extraordinarias con carácter restrictivo, conforme os seguintes criterios:

1. Suprímense as horas extraordinarias con carácter habitual.
2. Unicamente se poderán realizar horas extraordinarias por necesidades de carácter estrutural.

3. Cada hora extraordinaria que se realice sobre a duración máxima da xornada laboral aboarase conforme a seguinte escala:

	Ano 2008			Ano 2009		
	Categ. A	Categ. B	Categ. C	Categ. A	Categ. B	Categ. C
Horas extras	16,26	15,31	14,36	16,91	15,92	14,93